

Cultura

Rosalía de Castro puxo en escea a "apoteose do romanticismo"

A profesora Kathleen March di que escribía literatura comentando literatura

Foi un guiño de Rosalía en forma de lóstregos. Cando os socios da cultura galega e público en xeral estaban reunidos na horta da Casa-Museo de Pa-

drón e na proba dos 'bocadiños de Rosalía' comezou una chuvia que, mesmamente, pareceu mergullar a todos nunha pila bautismal. Tal era de

agradecer a auga refrescante caída do ceo. Aquilo: 40 graos de calor abofante, non podía ser auténtico. Xa que logo, a poetisa cambiou o decorado.

Donos dun idioma na 'babel' da horta da Matanza

A profesora da Universidade de Maine decidiu traducir a Rosalía Castro para incluí-los textos nas súas clases. "porque en estados Unidos hai un interese pola literatura comparada e un público importante no consumo de literatura feminista". O doutor Sixto Seco subliñou que "aqui non hai truco, podería ser dos Ancares ou das Rías Baixas, pero quen lles acaba de falar en galego é unha profesora norteamericana". Xesús Alonso Montero, que dirixe un dos cursos de galego para estranxeiros presempou de contado o poemario *Manuel Curros Enriquez e Federico García Lorca cantan en vinte linguas a Rosalía de Castro*, que el mesmo probo. Estudantes do curso leron en inglés, catalán e polaco a *Canção de uma pra Rosalia Castro morta*, e a *Rosalía*. Aquilo converteuse nunha Babel. Tiña razón o presidente do Patronato cando dixu "xa somos donos dun idioma global. Falamos xa en vinte". O estudante norteamericano dubidaba se tiña que sacar do caixeiro, coa a súa *American Express*, se dúe, dous, dos ou does mil dólares. Sixto, pola súa "autoridade arcebispa" permitíalle o *copyright* á panadería Basadre, a carón da Matanza, para poder a venda os 'bocadiños de Rosalía'. No que estaban todos ata que chegou a choiva.

PADRÓN. R. Qumata

Todos estaban entismados co romanticismo. As verbas de Sixto Seco, Kathleen March e Alonso Montero chegaban a través dos alfofalanes. Pero quen máis quen menos suata a gota gorda. Non é estrano que Rosalía decidise remata-lo acto literario cunha impresionante posta en escena do pasado século co estourido dos tronos. Foi a apoteose do romanticismo. O poder de convocatoria do doutor Sixto Seco, presidente do Patronato, volveu a funcionar. O argumento escollido era o 109 aniversario do pasamento da poetisa do Sa. amén da presentación da profesora norteamericana, Kathleen March da súa tradución en inglés de *La hija del mar*, primeira obra en prosa de Rosalía traducida o idioma de Byron. Así que ali estaban o alcalde de Padrón, Jesús Villamor, o director Xeral de Cultura e maio secretario xeral técnico da consellería, o rector Dario Villanueva, o secretario xeral de Comunicación, Jesús Pérez Varela, Xosé Filgueira Valverde, Francisco Puy, Charo Fraga, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar Janeiro, Gustavo Santiago Valencia, Camilo Nogueira, Perfecto Yebra, González Tosar, Alfredo Conde, Amarello de Castro, Salvador



AMARELO, KATHLEEN MARCH E SIXTO SECO, ONTE NA CASA-MUSEO

Pardellas

García Bodaño e Luis Enrique Vázquez, consul xeral de Cuba en Galicia.

Despois da sete da tarde, de contado principiaron os *florilexios* de Sixto Seco no que aúnxase a "paciencia, conciencia e experiencia" que lle reclamaba o catedrático Xesús Alonso Montero. "Quén lle fa deir a

Xesús hai trinta anos que unha profesora norteamericana traduciría a Rosalía". Sixto e Alonso Montero, aínda que entre sorrisos e retrancas, estaban a simbolizar dúas concepcións distintas do desenvolvemento do idioma. Alonso non pode agardar máis; Sixto, é máis proclive a modula-los tempos.

E nestas que unha voz limina, doce, comezou a falar de Rosalía. Kathleen March parecía mesmamente coetánea e coetánea da autora de *La hija del mar*. "Rosalía facía literatura com-ntando a literatura. E escribindo en castelán foi a escritora máis representativa de Galicia".

Os galegos en Estados Unidos gozan dunha boa saúde social

Segundo o relatorio do profesor Amado Rincón

SANTIAGO. Redacción
O profesor da Universidade de Nova York, Amado Rincón participou onte no encontro ALDEEU-Universidade de Santiago cun relatorio sobre *A emigración galega nos Estados Unidos* no que fixo un percorrido polos fluxos de galegos que marcharon a Norteamérica. Nun comezo foron campesiños e marifeiros os que se instalaban nas cidades portuarias. Xa no período de entreguerras consolidouse a presenza de galegos en Nova York sobre todo, segundo Rincón, polo carácter 'gregario' dos emigrantes que vivían nunha "situación de amoreamento e

pobreza". A participación no exército aliado foi, para Rincón, unha das causas do cambio de situación social dos galegos xa que conseguiron a legalización e "iniciaron unha vida nova, principalmente na hostelería". Por iso o relator dixo que "hoxe os galegos nos EEUU desfrutan de boa saúde social".

Exposición en Corcubión

A vila de Corcubión alberga desde onte, venres, e ata o domingo unha exposición de pinturas e debuxos do artista Jesús Piñeiro Traba, segundo unha nota feita pública polo concello corcubiónés.

A mostra terá por escenario o Auditorio Municipal, sendo o horario de visita pola mañán de once a dúas, e pola tarde, de seis a nove. A organización deste acontecemento conta coa colaboración do concello que preside Rafael Mouzo.

Graves danos

A Catedral Metropolitana na cidade de México presenta graves danos na súa estrutura malia os esforzos da Secretaría de Desenvolvemento Social (Sedesol) para evita-lo seu deterioramento, segundo asegurou onte o bispo da diocese da capital Luis Ávilas Blancas nunha rolda de prensa.



AMADO RINCÓN, ESQUERDA, NO TRANSCURSO DO RELATORIO M.B.